

# ABRACADABRA

**NIN FRÍO NIN CALOR**

**PASATEMPOS:  
CHISTES, TRABALINGUAS,  
SOPA DE LETRAS...**

**EXPERIMENTO: FRÍO OU  
QUENTE?**

**MANUALIDADE: OVOS DE  
XEO CON SORPRESA**

**QUE HAI DE NOVO**



# NIN FRÍO, NIN CALOR

Mmmmmmm! Que bo está o chocolate quente! Mmmmmmm! Ola! Estou a gozar dun chocolate ben quenteño porque tiña algo de frío. É que, probablemente, xaneiro e febreiro sexan os meses máis fríos do ano en Coruña, así que xa fixen aprovisionamento de chocolate... Algo bo ten que ter, non? Porque... sodes máis de frío ou de calor? Mentres me preparaba o chocolate estaba a pensalo e, a verdade non sei moi ben que dicirvos... Aquí, o clima é moi suave e non temos invernos extremadamente fríos, nin veráns de calor asfixiante, así que tampouco supoñería un cambio moi grande nas nosas vidas a decisión que tomásemos. Pero, imaxinádesvos vivir no lugar máis frío do planeta?, ben, ou no máis cálido...



Polo que estiven a ver, Oymyakon, en Siberia, é o lugar habitado máis frío do mundo!!! O inverno dura nove meses, sendo frecuentes temperaturas de entre  $-50$  e  $-60^{\circ}\text{C}$ !!!! E, en xaneiro de 1926 bateu a marca mundial de temperatura para un lugar habitado con  $-72^{\circ}\text{C}$ !!! Imaxinádesvos o que sería vivir aí? Pois, xa volo conto eu. En Oymyakon, o leite repártese en estado sólido, os peixes conxélanse en só 30 segundos tras ser sacados do río e os motores dos coches teñen que estar sempre acesos porque se non a gasolina volveríase sólida. Ah! E por suposto, nada de móbiles. Vaise a clase só se a temperatura non baixa de  $-52^{\circ}\text{C}$ , en lugar de auga corrente usan bloques de xeo e as poucas veces que se sae de casa é para ir ao cuarto de baño, que adoita ser unha especie de cabaniña á beira das casas, porque claro, non teñen tubaxes, xa que coas temperaturas tan extremas que teñen, rebentarían.

Iso si, en Oymyakon, que, por certo, o seu nome significa auga desconxelada, viven algunhas das persoas máis lonxevas de Rusia. Claro que, con tanto frío a ver que virus é o que resiste... ha, ha, ha, ha.

Pois se isto faivos tremer de frío, como será nos lugares deshabitados que rexistraron temperaturas aínda máis baixas, como Vostok con  $-89.2^{\circ}\text{C}$  e a Meseta do leste da Antártida con  $-93.2^{\circ}\text{C}$ !!!! Non me atrevo nin a pensalo...


Que? Xa estades a cavilar que sodes máis de caloríño? Que temperatura pensades que seríades capaces de aguantar? Pois, Furnace Creek, no Val da Morte (California), onde vive a tribo dos Timbisha, é un dos lugares con maior temperatura do mundo, onde se chegou a alcanzar os  $56.7^{\circ}\text{C}$ !!! Como quedades? Agora entendedes por que o chaman o Val da Morte, non?

Tamén, Al Aziziya, cidade de Libia, está entre os lugares terrestres con maior calor extrema, podendo alcanzar facilmente os  $50^{\circ}\text{C}$  nos meses de verán. Pero, o lugar máis cálido de todo o planeta, é o deserto de Lut, en Irán. A súa tradución sería "o deserto do baleiro", onde se chegaron a rexistrar temperaturas de ata  $70^{\circ}\text{C}$ !!!! Con estas máximas, presenta unhas condicións de vida tan extremas, que chegou a catalogarse como zona abiótica, aínda que algunhas expedicións científicas puideron observar vida animal e mesmo auga. Algo sorprendente, xa que non hai vida vexetal... E por se aínda non vos fixestes unha idea da calor que vai neste lugar, o doutor AghaKouchak déixanolo imaxinar facilmente cando manifesta que neste deserto podería fritirse un ovo na súa superficie...

En fin, non sei vós, pero eu case que nin frío, nin calor... mellor quedo aquí que se está moi ben. Iso si, creo que non vou volver a queixarme polo clima...

Aínda que, por suposto, seguirei gozando dun chocolate ben quenteño no inverno e dun rico xeadado no verán.

Vémonos no próximo número.



## CHISTES

E aquí están os chistes que nos fostes deixando para rir a esgalla.

Una pareja está muy abrigada en casa y tras mirar el termostato y comprobar que están a 5°C, uno dice: ¡qué frío! A lo que el otro contesta: no sé... ¿unas croquetas?

¿En qué se parece un esquimal a una serpiente?  
-En qué el esquimal tiritita de frío y la serpiente:  
¡Tiritita de papel!

-¡Hola! ¿está Blanca?  
-No, estoy morada de frío.

Jaimito ¿cómo te ha salido el examen de Matemáticas?

-Pues más o menos como a los del Polo Norte  
-¿Cómo a los del Polo Norte? ¿Qué quieres decir?  
-Pues, de cero para abajo mamá...

-Jaimito, ¿por qué le has puesto tilde a la palabra "calor"?

-Es que he oído en la radio que en estos días el calor se acentúa.

¿Cómo se llama a los muñecos de nieve en el desierto?  
Charcos de agua.

-Manolo, que día hace hoy?  
-No tengo ni idea, con tanta niebla no veo nada.

-¿Cuánto cuesta aquí un masaje?  
-Depende del tiempo.  
-Bien... digamos que llueve.



## TRABALINGUAS

E aquí vos deixamos un trabalinguas en inglés para os máis internacionais. Lembra de que hai que dicilo o máis rápido posible. Tedes o cronómetro a man?

Whether the weather is warm, whether the weather is cold,  
we have to put up with the weather, whether we like it or not.

## SOPA DE LETRAS\*

Seredes quen de atopar, nesta sopa de letras, 7 obxectos que se usan habitualmente no inverno?

a	s	l	e	a	m	o	k	h	i	g
p	o	i	n	d	a	t	r	e	m	a
n	a	x	u	n	i	b	a	l	p	r
o	b	r	q	a	w	o	v	u	e	a
m	r	o	a	f	e	t	i	d	r	o
h	i	r	l	u	v	a	s	a	m	n
e	g	u	o	b	g	s	e	l	o	a
s	o	z	i	g	u	a	ñ	t	a	t
a	l	e	t	o	x	i	s	a	b	u
ñ	o	d	e	g	u	k	o	b	l	e
i	w	a	c	u	r	i	v	l	e	f

## GLOBOS DE XEO CON SORPRESA

### QUE NECESITAS?

- Globos
- Xoguetes pequenos
- Auga

### COMO SE FAI?

1. Busca xoguetes pequenos que teñas polo teu cuarto: bólas, bonequiños, coches...
2. Abre a cabeza de cada globo e introduce un dos xoguetes no seu interior, con moito coidado para que os globos non rompan.
3. Enche os globos con auga da billa ata a metade, failles un nó e gárdaos no conxelador durante toda unha noite.
4. Sácaos do conxelador e, con moito coidado, retira os globos: obterás uns xoguetes moi refrescantes.
5. Podedes xogar a pasarvos os globos de xeo coma se fosen pelotas. Pensade que se irán desfacendo e o xeo converterase en auga, ou sexa que... A xogar fóra de casa!



Se vos apetece ver este e outros experimentos e manualidades, recomendámosvos:

**1. Ciencia mágica: experimentos asombrosos para genios curiosos / Alejandra Vallejo-Nágera ; ilustraciones de Cristina Belmonte. Sinatura 5 CIE/a.**

**2. 111 actividades contra el aburrimiento : manualidades, recetas, experimentos, curiosidades y otras ideas para los días sin cole / Eli Flos. Sinatura 379 FLO cie/v.**

# EXPERIMENTO

## QUENTE OU FRÍO?

É un experimento diferente, que podería ser tamén un xogo, con vítima incluída. Sabías que hai un tipo de auga quente e fría á vez?

### NECESITAS?

- Unha vítima.
- Unha cunca con auga moi quente (todo o quente que unha man humana poida soportar).
- Unha cunca con auga moi fría (a piques de conxelarse).
- Unha cunca con auga tépeda (a uns 10 graos).
- Un reloxo con segundeiro.

### EXPERIMENTO

1. Coloca as tres cuncas en fila sobre unha mesa: a auga quente á esquerda, a auga morna no centro e a auga fría á dereita.
  2. Solicita a axuda da túa vítima predilecta.
  3. Pídelle que introduza unha man na auga fría e a outra man na auga quente. Advírtelle que cando digas "XA" debe meter ambas as dúas mans, moi rapidamente, na cunca que está no medio. Non lle digas a que temperatura está a auga nesta cunca.
  4. Mira o teu reloxo e conta un minuto.
  5. Di "XA" con enerxía, con decisión. Observa se a túa vítima acata as túas ordes sen chistar.
  6. Chegou o momento científico – corporal.
- Pregunta:** A auga do centro está **quente** ou **fría**?

Non te imaxinas canto tempo tardará en contestar.



# QUE HAI DE NOVO...?

\* **ACTIVIDADES EN LIÑA.** Este ano debido ás circunstancias actuais, comezamos as actividades realizándoas en liña. Propoñémosvos para os sábados 23, 30 de xaneiro e 6 e 13 de febreiro, un dos talleres que máis vos gusta, **CURSO DE DESEÑO DE VIDEOXOGOS EN 3D**, para nenos e nenas de 8 a 12 anos. Para máis información preme aquí: <http://deputaciondacoruna.tubiblioweb.com>

\* **CITA.** Para levar libros en préstamo pide unha cita, así non terás que esperar e se queres terás o material preparado cando o veñas buscar, é moi sinxelo: <https://www.dacoruna.gal/cita-previa>

- Preme en "Acceso Servizo Cita Previa".
- En Oficina selecciona "Biblioteca Provincial".
- Elixo o trámite que queres.
- Para préstamo pica en "Préstamo menores 18 anos" e se sabes os materiais que queres, podes indicalo no campo "Comentarios".

\* **PRÉSTAMOS.** Aumentamos o número de materiais para levar a casa, agora poderás levar 6 libros, 4 DVD e 2 revistas. Anímate!!! **RESERVAS E RENOVACIÓNS.** Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

\* Lembra que podes colaborar coa nosa revista Abracadabra. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, adiviñas... déixaa na Sección Xuvenil e publicarémolas no próximo número da nosa revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

## Síguenos en



[www.dacoruna.gal/biblioteca](http://www.dacoruna.gal/biblioteca)

### SOLUCIÓN DOS PASATEMPOS

			a					i
p			d					m
	a		n	b				p
o	b	r	a	o				e
	r	a	f	t				r
	i	r	l	u	v	a	s	m
	g		o	b	g	s		e
	o		g	a				a
						s		b
								l
								e

Paraugas, luvas, abrigo, botas, bufanda, impermeable, gorro

